



Un cóctel de inmunidade (II): o caso das xatas peladas



No número anterior de *Vaca Pinta* publiquei o artigo titulado “Un cóctel de anticorpos”. Nesta segunda entrega seguirei falando de cócteles, pero, neste caso, de inmunidade.

Antón Camarero
Veterinario de Adial

Xa sabedes que a cantidade de anticorpos durante os primeiros días de vida son “fabas contadas” e tamén que a inmunidade dos xatos depende do número de anticorpos que pasan por vía dixestiva ao torrente circulatorio nas primeiras horas de vida.

Estes anticorpos dependen, á súa vez, da calidade e cantidade de calostro inxerido e de que a súa subministración sexa precoz (para aproveitar a permeabilidade transitoria do epitelio do intestino).


Cando a hixiene é deficiente, enfrontamos os anticorpos a gran cantidade de xermes, as defensas esgotáanse e isto permite que se produza unha infección. Manter secas e limpas as camas, as mamadeiras, os cubos de auga e de comida reduce a multiplicación de bacterias, e así afórrase en anticorpos.

Inmunidade

Nas gráficas superiores, vemos como vai aparecendo a inmunidade activa propia do xato. Mentres, a inmunidade pasiva (obtida do calostro) desaparece e vanse esgotando os anticorpos calostrais. Hai un espazo de tempo no que a inmunidade pasiva está a desaparecer e a activa non está aínda consolidada. A este espazo denomínaselle ‘xanela de risco’.

Se o manexo do calostro, a hixiene e a alimentación se fan ben, a xanela será máis estreita e, daquela, as xatas máis sas. Pola contra, se non se cumpren estas medidas, teremos menos anticorpos, máis microbios e máis xatas enfermas.

Outro factor importante é que os recentemente nados son moi sensibles ao frío e hai que impedir as correntes de aire e dotalos dunha boa cama de palla que impida a hipotermia.



A perda da calor corporal é o resultado non só das baixas temperaturas senón tamén da influencia dunha humidade relativa alta e das correntes de aire. Un bo niño de palla seca, ademais de dotar de comodidade as xatiñas, impide a perda de calor e a aparición do estrés (o estrés atrasa a aparición da inmunidade activa). Este ambiente seco reduce a multiplicación de bacterias, co que



► MANTER SECAS E LIMPAS AS CAMAS, AS MAMADEIRAS, OS CUBOS DE AUGA E DE COMIDA REDUCE A MULTIPLICACIÓN DE BACTERIAS, E ASÍ AFÓRRASE EN ANTICORPOS

diminúe a contaminación. Hai unha escala para avaliar a calidade da cama: aquela con maior puntuación é na que non se lle ven as patas á xata, coma se estivese nun niño.

O uso de pezas de abrigo (coma as mantiñas) nos meses invernaís é tamén unha boa axuda para evitar as perdas de calor.

Diarrea

O maior risco para un xato acabado de nacer é sufrir unha diarrea, xa que lle pode provocar deshidratación e, se é moi severa, mesmo a morte. Cando isto ocorre, a achega de auga aos órganos periféricos (coma a pel e os ollos) queda restrinxida para que o cerebro ou o corazón sigan funcionando.

E que síntomas observamos no xato? Pois que os seus ollos se afunden nas concas e a pel perde elasticidade (tras un belisco na zona das costelas, a pel tarda moito en volver ao seu estado inicial). Para coñecer o nivel de deshidratación que sofre unha xata, existen escalas que valoran ambos os síntomas e cualifican o grao de deshidratación que está a sufrir o animal.

Outro síntoma patognomónico (os que por si sós son suficientes para diagnosticar unha enfermidade) é a “depilación” das nádegas debido á acidez das feces. Cando visito unha granxa e observo moitas xatas “peladas”, relaciónoo directamente cun problema grave de diarreas.

Pneumonía

Así como as diarreas se presentan nos primeiros días do nacemento, as pneumonías adoitan tardar máis en aparecer. Aínda que o seu contaxio tamén é nos primeiros días, estas quedan latentes, sen sintomatoloxía. Os bos niveis de anticorpos achegados polo calostro nos primeiros días conteñen esta ameaza. Colabora con este atraso das manifestacións respiratorias o feito de que os ruminantes reprimen a tose. Este trazo considérase como un instinto atávico para non manifestar febleza

fronte aos depredadores e converterse en presas fáciles.

A desteta provoca unha nova situación de estrés onde baixan as defensas e se multiplican os microbios. Aparecen entón a tose e outros síntomas respiratorios que xa non son capaces de reprimir. Os ruminantes e outros animais presas habituais dos depredadores reprimen a tose para disimular e non dar pistas de que son presas fáciles.

Como curiosidade cóntovos que, para avaliar o estado das enfermidades respiratorias nos galiñeiros, os veterinarios dan unhas palmas fortes e as galiñas asústanse e calan. Se hai un problema respiratorio, as enfermas interrompen o silencio, pois non poden reprimir máis tempo a tose. O número de golpes de tose dálles unha idea do estado dos seus pulmóns. ■

AGRADECEMENTOS

Quero agradecerlle a Cristina Pilar Pousada, veterinaria de Coren (<https://www.coren.es/conocenos/grupo-coren/>) e especialista en pediatría de vacún, as súas aclaracións, que me axudaron a confeccionar este artigo.



CAIXA RURAL
GALEGA

Ruralvía

> caixaruralgalega.gal



> Síguenos! @ f in

Comprometidos
contigo!

